



Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación

FAI SABER:

1. Con data 19 de decembro (RE 37935) reiterei algunhas das solicitudes de información non contestadas.

Algunhas das solicitudes de información ou copia remíteseme a que acceda ó expediente, cousa non solicitada, e non se me da copia ou a información solicitada.

Así se me da CITA para ver expediente:

Hoxe 22: documentación rescisión contrato empresa contratada piscina termal Laias (RE 35.506) (copia resolución contrato, copia conformidade outras administracións, informe técnico aconsella non realizar proxecto que antes era ubicación adecuada, empresa adxudicataria e documentacion contratación, información sobre técnicos responsables..).

Día 26: certificacións solicitadas Misión Comercial a USA (RE 35951)(certificación gastos e copia facturas e información tramitación gasto)

Día 27: documentación programa Bolechas balnearios(RE 35955) (memoria e relación gastos).

Día 28: certificación pagos medios comunicación solicitada o 3 de maio (RE 12.817) non entregada “a espera de recopilar información”.

2. Estase privando a este deputado dos dereitos que garante a Constitución e a normativa de réxime local.

Dar cita para ver expedientes do que solicita certificación de Intervención ou outros departamentos, dar cita para ver expedientes un día determinado, ou dar 4 días diferentes para ver catro expedientes, son accións que claramente perseguen impedir o exercicio destes dereitos.



Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178

Por elo ESIXE

1º. Que se **entregue a información solicitada** pendente de recibir e que me consta os servizos administrativos dos diferentes departamentos teñen preparados para entregar.

2º. Que **cando solicite acceso** a un expediente, se me concrete un **período amplo** que permita que este deputado poida compatibilizar a axenda propia co estudo dos expedientes que solicite estudar nesta institución.

Que en todo caso se evite dificultar este dereito como se fai neste caso **dando 4 días** diferentes para **4 expedientes**.

3º. Que naqueles **casos** establecidos nos que corresponde **acceso directo** ó expediente se cumpra co que di a Lei ,facilitando acceso a través da Secretaría Xeral da Deputación.

Ourense a 22 de decembro de 2016.



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE